



AXENDA DA COMPETITIVIDADE INDUSTRIAL



MAPA INDUSTRIAL E DE INFRAESTRUCTURAS DE APOIO Á INDUSTRIA



Índice

Introducción.....	7
1.- Marco socioeconómico.....	9
2.- A industria e a súa localización espacial.....	20
2.1.-Análise da industria galega e a súa especialización produtiva.....	20
2.1.1.- Alimentación	31
2.1.2.- Industria da madeira	35
2.1.3.- Fabricación de outros produtos minerais non metálicos	38
2.1.4.- Confección de roupa de vestir	41
2.1.5.- Fabricación de outro material de transporte	44
2.1.6.- Fabricación de mobles.....	47
2.1.7.- Fabricación de vehículos de motor, remolques y semirremolques	50
2.1.8.- Fabricación de produtos metálicos	53
2.1.9.- Industrias Extractivas.....	56
2.1.10.- Fabricación de bebidas.....	59
2.1.11.- Industria téxtil.....	62
2.1.12.- Industria do coiro e calzado	65
2.1.13.- Industria do papel	68
2.1.14.- Industria da metalurxia; fab. produtos de ferro, aceiro e ferroalixes.....	71
2.1.15.- Industria química e farmacéutica	74
2.1.16.- Artes gráficas e reprodución de soportes gravados.....	78
2.1.17.- Coquerías e refinación de petróleo.....	81
2.1.18.- Fabricación produtos de caucho e plásticos	84
2.1.19.- Fabricación produtos informáticos, electrónicos e ópticos	87
2.1.20.- Fabricación de material, equipamento eléctrico, maquinaria e equipamento n.c.o.p.....	90
2.2. Os complexos produtivos da economía Galega	97
2.2.1. Enerxía	98
2.2.2. Construción/Finanzas	99
2.2.3. Automóbil.....	100
2.2.4. Servizos empresariais.....	101
2.2.5. Agroalimentario.....	101
2.2.6. Comercio por xunto.....	102
2.2.7. Madeira e moble	103
3.- Infraestruturas de apoio á industria	104
3.1. Dispoñibilidade de solo industrial	105
3.2. Infraestruturas de transporte	109
3.3. Subministros e servizos básicos	113
3.4. Servizos complementarios	114
Anexos	115

Índice de Mapas

Mapa 1: Evolución da poboación entre 2001 e 2014.....	11
Mapa 2: Distribución da poboación en 2014.....	11
Mapa 3: Densidade de poboación en 2014	12
Mapa 4: Entidades singulares de poboación con máis de 2000 habitantes en 2014.....	12
Mapa 5: Poboación potencialmente activa 2014	13
Mapa 6: Densidade de poboación potencialmente activa 2014.....	13
Mapa 7: Poboación potencialmente activa do concello e o seu entorno 2014.....	14
Mapa 8: Estimación da evolución da poboación entre 2014 e 2024.....	14
Mapa 9: Estimación da evolución da poboación potencialmente activa entre 2014 e 2024	15
Mapa 10: Estimación da evolución da poboación maior de 64 anos entre 2014 e 2024 .	15
Mapa 11: Proxección do peso dos maiores de 64 por comarcas en 2014.....	16
Mapa 12: Proxección do peso dos maiores de 64 por comarcas en 2024.....	16
Mapa 13: Paro rexistrado por concello (2015).....	17
Mapa 14: Paro rexistrado en industria por concello (2015).....	17
Mapa 15: Índice localización paro rexistrado industrial.....	18
Mapa 16: Evolución do paro rexistrado industrial (2009-2014).....	18
Mapa 17: Participación no PIB agregado 2012	19
Mapa 18: Nivel de PIB per <i>cápita</i> 2012	19
Mapa 19: Distribución afiliados industria da alimentación (concello de cotización)	32
Mapa 20: Distribución afiliados industria da alimentación (concello residencia).....	32
Mapa 21: Distribución afiliados industria da madeira (concello cotización)	35
Mapa 22: Distribución afiliados industria da madeira (concello residencia).....	36
Mapa 23: Distribución afiliados industria de fabricación outros produtos minerais (concello de cotización)	39
Mapa 24: Distribución afiliados industria de fabricación outros produtos minerais (concello de residencia).....	39
Mapa 25: Distribución afiliados confección prendas de vestir (concello cotización)	41
Mapa 26: Distribución afiliados confección prendas de vestir (concello residencia).....	42
Mapa 27: Distribución afiliados fabricación outro material de transporte (concello cotización)	44
Mapa 28: Distribución afiliados fabricación outro material de transporte (residencia)	45
Mapa 29: Distribución afiliados fabricación de mobles (concello cotización)	47
Mapa 30: Distribución afiliados fabricación de mobles (concello residencia).....	48
Mapa 31: Distribución afiliados fabricación vehículos de motor (concello cotización)	50
Mapa 32: Distribución afiliados fabricación vehículos de motor (concello residencia).....	51
Mapa 33: Distribución afiliados fabricación produtos metálicos (concello cotización).....	53
Mapa 34: Distribución afiliados fabricación produtos metálicos (concello residencia)	54
Mapa 35: Distribución establecementos industrias extractivas.....	57
Mapa 36: Distribución afiliados fabricación de bebidas (concello cotización)	59
Mapa 37: Distribución afiliados fabricación de bebidas (concello residencia).....	60
Mapa 38: Distribución afiliados industria téxtil (concello cotización).....	62
Mapa 39: Distribución afiliados industria téxtil (concello residencia)	63
Mapa 40: Distribución afiliados industria do coiro e calzado (concello cotización)	65
Mapa 41: Distribución afiliados industria do coiro e calzado (concello residencia).....	66

Mapa 42: Distribución afiliados industria do papel (concello cotización).....	68
Mapa 43: Distribución afiliados industria do papel (concello residencia)	69
Mapa 44: Distribución afiliados metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes (concello cotización).....	71
Mapa 45: Distribución afiliados metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes (concello residencia)	72
Mapa 46: Distribución afiliados industria química (concello cotización).....	75
Mapa 47: Distribución afiliados industria química (concello residencia)	75
Mapa 48: Distribución afiliados produtos farmacéuticos (concello cotización).....	76
Mapa 49: Distribución afiliados produtos farmacéuticos (concello residencia)	76
Mapa 50: Distribución afiliados artes gráficas e reprodución de soportes gravados (concello cotización).....	78
Mapa 51: Distribución afiliados artes gráficas e reprodución de soportes gravados (concello residencia).....	79
Mapa 52: Distribución afiliados coquerías e refinación de petróleo (concello cotización) ...	81
Mapa 53: Distribución afiliados coquerías e refinación de petróleo (concello residencia)...	82
Mapa 54: Distribución afiliados fabricación caucho e plásticos (concello cotización).....	84
Mapa 55: Distribución afiliados fabricación caucho e plásticos (concello residencia)	85
Mapa 56: Distribución afiliados fabricación prod. infor., electrónicos e ópticos (concello cotización).....	87
Mapa 57: Distribución afiliados fabricación prod. informáticos, elect.e ópticos (concello residencia).....	88
Mapa 58: Distribución afiliados fabricación de material e equipamento eléctrico (concello cotización).....	91
Mapa 59: Distribución afiliados fabricación de material e equipamento eléctrico (concello residencia).....	91
Mapa 60: Distribución afiliados fabricación de maquinaria e equipamento n.c.o.p (concello cotización).....	92
Mapa 61: Distribución afiliados fabricación de maquinaria e equipamento n.c.o.p (concello residencia).....	92
Mapa 62: Distribución e concentración do emprego industrial.....	94
Mapa 63: Distribución e concentración do emprego industrial.....	95
Mapa 64: Superficie das áreas industrias en funcionamento	106
Mapa 65: Superficie dispoñible das áreas industriais en funcionamento.....	107
Mapa 66: Superficie das áreas industriais en execución	107
Mapa 67: Superficie das áreas industriais en tramitación.....	108
Mapa 68: Estradas principais	109
Mapa 69: Tempo medio acceso dende áreas industriais a unha vía rápida	109
Mapa 70: Liñas ferroviarias	110
Mapa 71: Distancia en tempo estación ADIF máis próxima	110
Mapa 72: Portos e Aeroportos.....	111
Mapa 73: Tempo desprazamento ao aeroporto máis próximo.....	111
Mapa 74: Tempo de acceso das áreas industriais o porto de interés xeral máis próximo	112
Mapa 75: Tempo de acceso das áreas industriais o aeroporto máis próximo	112
Mapa 76: Liñas Eléctricas	113

Mapa 77: Extensión da rede de alta tensión.....	113
Mapa 78: Gaseoductos	114
Mapa 79: Centros FP-2	114

Índice de Gráficos

Gráfico 1: Peso de cada CC.AA. no total de unidades locais industriais (2014).....	21
Gráfico 2: Peso de cada CC.AA. no total de afiliados da industria (marzo 2015)	21
Gráfico 3: Coeficiente localización unidades locais industriais (2014).....	22
Gráfico 4: Coeficiente localización afiliados industria (marzo 2015)	22
Gráfico 5: Peso de Galicia por rama actividade no conxunto de España (unidades locais, 2014)	23
Gráfico 6: Evolución normalizada do emprego afiliado (ind. manufactureira, 1999-2015).....	24
Gráfico 7: Evolución do peso de Galicia no emprego industrial (1999-2015)	24
Gráfico 8: Tasa de variación do número de afiliados (2007-2014)	25
Gráfico 9: Evolución normalizada do emprego afiliado (2009-2015)	31
Gráfico 10: Concentración territorial do emprego afiliado por concello de cotización (2014)	96
Gráfico 11: Concentración territorial do emprego afiliado por concello de residencia (2014).....	96

Índice de Táboas

Táboa 1: Coeficiente de localización (afiliados, marzo 2015).....	26
Táboa 2: Peso no total industrial das ramas de actividade galegas (marzo 2015)	27
Táboa 3: Coeficiente de localización unidades locais de produción (ano 2014).....	28
Táboa 4: Número de Establecementos na rama da Alimentación	31
Táboa 5: Número de Establecementos na rama da Industria da Madeira	35
Táboa 6: Número de Establecementos na rama de fabricación outros produtos minerais non metálicos	38
Táboa 7: Número de Establecementos na rama de confección de roupa de vestir	41
Táboa 8: Número de establecementos na rama de fabricación outro material de transporte	44
Táboa 9: Número de Establecementos na rama de fabricación mobles.....	47
Táboa 10: Número de Establecementos na rama de fabricación vehículos de motor	50
Táboa 11: Número de Establecementos na rama de fabricación de produtos metálicos	53
Táboa 12: Número de Establecementos na Industria Extractiva	56
Táboa 13: Número de Establecementos na rama de fabricación de bebidas.....	59
Táboa 14: Número de establecementos na rama de industria téxtil	62
Táboa 15: Número de establecementos na rama de industria do coiro e calzado	65
Táboa 16: Número de establecementos na rama de industria do papel.....	68
Táboa 17: Número de establecementos na metalurxia; fab. produtos de ferro, aceiro e ferroalixes.....	71
Táboa 18: Número de establecementos na industria química e farmacéutica.....	74

Táboa 19: Número de establecementos nas artes gráficas e reprodución de soportes gravados.....	78
Táboa 20: Número de establecementos coquerías e refinación de petróleo	81
Táboa 21: Número de establecementos fabricación caucho e plásticos	84
Táboa 22: Número de establecementos fabricación produtos informáticos, electrónicos e ópticos	87
Táboa 23: Número de establecementos fabricación de material, equipamento eléctrico,.....	90
Táboa 24: Superficie e áreas industriais en funcionamento	105
Táboa 25: Superficie e áreas industriais en execución.....	106
Táboa 26: Superficie e áreas industriais en funcionamento e execución	106

Introducción

Mediante diferentes tipos de mapas, gráficos e táboas, a continuación caracterízase a industria en Galicia a partir da súa distribución xeográfica a nivel municipal, tanto para o conxunto da industria como para cada unha das ramas industriais manufactureiras. Antes de presentar esta información móstranse datos sobre o marco socioeconómico onde se desenvolve esa actividade industrial. Na parte final do documento inclúese un amplo conxunto de información sobre as infraestruturas de apoio á industria. O obxectivo é desenvolver un marco socioterritorial para a definición dunha política industrial de ámbito rexional que fomente as economías externas e que teña en conta a actividade produtiva e a súa relación co territorio. Trátase de ofrecer á sociedade información sobre os fundamentos da súa realidade industrial que sirva de apoio para identificar as zonas prioritarias de actuación, facilite o establecemento de estratexias e permita a curto e medio prazo servir de marco para unha valoración dos resultados obtidos polo Axenda da Competitividade Industrial.

Pero tamén, e non menos importante, esta análise cartográfica temática, permite coñecer a realidade da industria galega a nivel municipal e comarcal cun importante nivel de detalle sectorial, cando, en xeral, os datos e análises se presentan cun nivel maior de agregación (provincial ou rexional). Esta información pode axudar a comprender os comportamentos diferenciados que se producen en determinadas partes do territorio, en especial os procesos de concentración de empresas e, ao mesmo tempo, seguir as recomendacións da Unión Europea respecto á promoción da cartografía dos *clústers*.¹ Un programa de apoio a calquera sistema industrial require un deseño individual axustado ás necesidades concretas dese proceso produtivo e debe ter en conta a utilidade do contorno para mellorar a competitividade económica e aumentar o benestar social.

Para acadar os obxectivos propostos fíxose un custoso exercicio de análise e sínteses dunha gran cantidade de información de moi diversa natureza, sistematizándoa para que poida ser periodicamente actualizada. De feito, a información subministrada pode ser utilizada de diversas maneiras calculando índices e indicadores para que, en función de cada caso concreto, se lles proporcionen ás autoridades guías de actuación para o fomento do investimento industrial no seu territorio, a partir do coñecemento de cales son as localizacións industriais máis atractivas e, en consecuencia, cales deberían potenciar e de que xeito.

Trátase, polo tanto, dunha ferramenta gráfica que en primeiro lugar ofrece unha foto estática da situación da industria en Galicia a partir de unha ampla diversidade de variables estatísticas e da súa plasmación territorial, pero que na súa versión dinámica ofrece un marco atractivo para o establecemento de estratexias e a valoración dos resultados conseguidos no marco do desenvolvemento da Axenda da Competitividade Industrial.

O documento estrutúrase en tres bloques fundamentais:

1.- O contorno socioeconómico: análise xeral que ten como propósito aportar elementos que permitan afinar o diagnóstico sobre os principais condicionantes demográficos.

¹ EUROPEAN COMMISSION. *Final Report of the Expert Group on Enterprise Clusters and Networks*. Enterprise Directorate General. 2003.

ficos, de recursos humanos, laborais e económicos que afectan ao desenvolvemento da industria galega.

2.- A industria e a súa localización espacial, onde se analizan os datos principais das 27 ramas nas que se subdivide a industria. Para cada unha das actividades preséntanse datos, gráficos e mapas que permiten visualizar a distribución territorial da industria galega. Ademais inclúese unha análise dos principais complexos produtivos (análise de interdependencia do global da industria galega utilizando a información das últimas táboas *input-output* da economía galega, Instituto Galego de Estatística, *Marco Input-Output de Galicia*, MIOGAL).²

3.- O mapa das infraestruturas de apoio á industria ten como obxectivo analizar a dispoñibilidade de solo industrial a escala municipal baixo as fórmulas de polígonos industriais, parques empresariais ou tecnolóxicos ou, en definitiva, calquera forma de agrupación de empresas nunha mesma área e doutras infraestruturas básicas para a produción e distribución dos produtos industriais (servizos complementarios á dotación industrial e infraestruturas de transporte).

² O Instituto Galego de Estatística (IGE), responsable do desenvolvemento do sistema estatístico da Comunidade Autónoma Galega ten previsto a publicación do marco Input-Output de Galicia con referencia o ano 2011 en xullo de 2015. Este novo marco vai ofrecerse adaptado o novo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (Regulamento (UE) nº 549/2013). O Marco Input-Output de 2008 foi o primeiro elaborado coa nova clasificación nacional de actividades (CNAE-2009) utilizando a información derivada da actualización da estrutura produtiva que reflectía o Marco Input-Output de Galicia 2005 (Marco Input-Output de Galicia 2008. http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_MIOGAL_2008_es.pdf).

1.- Marco socioeconómico

Desde un punto de vista socioeconómico, o compoñente demográfico é un recurso fundamental para valorar a dispoñibilidade e cualificación da man de obra no mercado laboral. É dicir, a poboación dun territorio é un recurso produtivo básico, polo que a súa evolución futura pode afectar de xeito moi relevante aos custos de produción da industria e á súa viabilidade. Así mesmo, desde o punto de vista do consumo, a poboación é quen demanda recursos, produtos e servizos e, polo tanto, pode impulsar determinadas actividades económicas a partir do tamaño e composición desa demanda. Polo tanto, é de esperar que as empresas busquen localizarse onde o nivel de poboación sexa elevado e cunha dinámica positiva, xa que desta maneira existen máis posibilidades de encontrar un maior número de traballadores, e de compradores potenciais. Todo iso xustifica dedicar un apartado específico á análise da estrutura e dinámica demográfica dos diferentes concellos de Galicia, tanto no pasado recente como no futuro próximo.

Por esta razón, nos primeiros mapas recóllense, a partir da información procedente de censos e padróns de poboación do Instituto Nacional de Estadística (INE) e as *Proxeccións de poboación a curto prazo.2014-2024* do IGE³ a escala comarcal, a evolución, densidade e dinámica territorial da poboación galega dende 2001. No mapa 1 preséntase a dinámica da poboación galega a escala municipal durante o período 2001-2014. O mapa mostra importantes diferenzas territoriais. Só o 25% dos concellos teñen durante este período unha dinámica positiva (80 de 315), pero ademais están distribuídos moi desigualmente (17 entre Lugo e Ourense e 63 entre A Coruña e Pontevedra). Pódese comprobar como son núcleos urbanos medios e pequenos os que teñen os crecementos máis intensos nas periferias das grandes cidades, confirmando as dinámicas de desconcentración da poboación cara aos contornos metropolitanos, acentuando os fenómenos de dispersión urbana. O segundo mapa permite caracterizar os concellos galegos segundo a clasificación utilizada polo INE en Concellos pequenos ou rurais (cando teñen unha poboación inferior a 2.000 habitantes), Concellos intermedios (cando teñen unha poboación entre 2.000 e 9.999 habitantes) e Concellos urbanos (cando teñen máis de 10.000 habitantes). O mapa 3 complementa esta clasificación municipal a partir da densidade de poboación (criterio para clasificar as unidades territoriais usado pola OCDE e tamén Eurostat, a oficina estatística europea), o que permite unha comparación máis homoxénea dos concellos ao eliminar a distorsión que producen as importantes diferenzas existentes na dimensión territorial dos mesmos. No mapa 4 amósase a localización de todas as entidades de poboación con máis de 2.000 habitantes (o INE considera municipio urbano aquel que ten máis de 10.000 habitantes, sempre que, polo menos, teña un núcleo de poboación como mínimo con esa cifra de habitantes, do contrario constaría como municipio semiurbano). O mapa 5 mostra a distribución territorial da poboación potencialmente activa (en idade de traballar) e o mapa 6 a correspondente densidade que se completa incluíndo para cada concello a poboación potencialmente activa no contorno (mapa 7). A análise do compoñente demográfico remátase cos mapas do 8 ao 12, onde se representa


³ Como indica o IGE, “estas proxeccións utilizan como información de partida as Cifras de poboación no 1 de xaneiro de 2013 do INE e as Cifras poboacionais de referencia do IGE, e son totalmente coherentes coas Proyecciones de población a corto plazo do INE a nivel provincial”.

a evolución estimada da poboación e da poboación potencialmente activa entre 2014 e 2024 por comarcas.


Os seguintes mapas analizan a situación laboral a escala municipal a partir do rexistro do desemprego total (mapa 13) e industrial (mapa 14). Ademais inclúese un mapa co obxectivo de identificar aqueles concellos cunha maior especialización industrial (aproximada por un peso no desemprego industrial superior ao seu peso no desemprego total, é dicir, utilizando un índice de localización do desemprego industrial, mapa 15). Finalizamos este primeiro bloque coa distribución por concellos do PIB e o PIB per capita, (mapas 17 e 18) obtidos a partir dunha nova operación estatística do IGE, *Produto Interior Bruto Municipal*.⁴

⁴ Esta operación como se indica na súa nota metodolóxica ten como obxectivo a obtención de estimacións municipais do produto interior bruto (PIB) e no caso das comarcas, ofrecer unha desagregación por ramas de actividade. Sen dúbida, estas estimacións baseadas nun amplo e variado conxunto de información estatística de base deben ser un punto de referencia para a fase de diagnose das distintas políticas públicas nas que o territorio sexa o eixo estratéxico. Como aproxima o nivel de actividade económica en cada un dos concellos galegos e ofrece unha descrición da estrutura produtiva de cada unha das 53 comarcas galegas esta operación estatística pode utilizarse para o seguimento e avaliación da actividade pública no territorio. Non obstante, como ocorre en toda a estatística pública oficial, a información ofrecese cun retardo considerable. O último dato dispoñible publicado en decembro de 2014 refírese o ano 2012. https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s2/folleto_PIB_municipal_2012_ga.pdf.


Mapa 1: Evolución da poboación entre 2001 e 2014




Mapa 2: Distribución da poboación en 2014




Mapa 3: Densidade de poboación en 2014




Mapa 4: Entidades singulares de poboación con máis de 2000 habitantes en 2014




Mapa 5: Poboación potencialmente activa 2014




Mapa 6: Densidade de poboación potencialmente activa 2014




Mapa 7: Poboación potencialmente activa do concello e o seu entorno 2014




Mapa 8: Estimación da evolución da poboación entre 2014 e 2024




Mapa 9: Estimación da evolución da poboación potencialmente activa entre 2014 e 2024




Mapa 10: Estimación da evolución da poboación maior de 64 anos entre 2014 e 2024




Mapa 11: Proxección do peso dos maiores de 64 por comarcas en 2014




Mapa 12: Proxección do peso dos maiores de 64 por comarcas en 2024




Mapa 13: Paro rexistrado por concello (2015)




Mapa 14: Paro rexistrado en industria por concello (2015)




Mapa 15: Índice localización paro rexistrado industrial




Mapa 16: Evolución do paro rexistrado industrial (2009-2014)



Mapa 17: Participación no PIB agregado 2012



Mapa 18: Nivel de PIB per cápita 2012



2.- A industria e a súa localización espacial

Cal é a participación da industria galega en España? Cal é a achega de cada rama industrial? Onde se localiza a actividade industrial dentro do territorio galego? Que actividade destaca en cada área municipal? O estudo da distribución da industria e a análise do seu grao de especialización nos distintos ámbitos territoriais achega unha información de especial relevancia dentro da panorámica industrial e proporciona un cadro descritivo de interese, non só para os investigadores, senón tamén para todos aqueles que toman decisións nos ámbitos político, social e económico.

O enfoque espacial é sempre unha cuestión a ter en conta cando se analiza un determinado fenómeno económico. Neste apartado proporciónase unha visión xeral de cal é a distribución territorial da industria, tanto no ámbito galego como a nivel municipal e ofrécense algúns datos sobre o grao de especialización de cada territorio.


Por último, este bloque remata cunha reflexión sobre os complexos produtivos da economía galega obtidos nun exercicio de detección de relacións de interdependencia global da industria galega, utilizando información das táboas *input-output* da economía galega de 2005 (Instituto Galego de Estatística, *Marco Input-Output de Galicia*, MIOGAL-2005).

2.1.-Análise da industria galega e a súa especialización produtiva

O obxectivo deste apartado é complementar a análise agregada facendo fincapé en aspectos complementarios, fundamentalmente de situación sectorial relativa, indicadores sectoriais específicos, aspectos microeconómicos e outros de carácter descritivo. Para iso, recórruse a fontes de información adicionais como as táboas *input-output*, a estatística de afiliados en alta laboral ou o Directorio central de empresas do INE. A clasificación sectorial empregada parte da clasificación CNAE-2009 a dous díxitos (ver cadro 1, no anexo). En función da dispoñibilidade de información, nalgúns casos púidose presentar a información cun diferente nivel de agregación.


Antes de pasar á análise individual das diferentes ramas da actividade industrial galega, repasamos brevemente a evolución comparada da industria galega nos últimos anos. Galicia é a sexta comunidade autónoma tanto en número de unidades locais industriais como en traballadores afiliados (Gráfico 1 e 2). O seu peso na industria é superior ao que teñen no conxunto de actividades, o que pode traducirse nun certo grao de especialización (Gráfico 3 e 4).

Gráfico 1: Peso de cada CC.AA. no total de unidades locais industriais (2014)




Fonte: Elaboración propia a partir datos do Directorio Central de Empresas DIRCE, INE.

Gráfico 2: Peso de cada CC.AA. no total de afiliados da industria (marzo 2015)




Fonte: Elaboración propia a partir datos Afiliados a Seguridade Social.

Gráfico 3: Coeficiente localización unidades locais industriais (2014).



Fonte: Elaboración propia a partir datos do Directorio Central de Empresas DIRCE, INE.


Gráfico 4: Coeficiente localización afiliados industria (marzo 2015)



Fonte: Elaboración propia a partir datos Afiliados a Seguridade Social

De feito, en 2014 entre as dezaseis actividades a tres díxitos onde Galicia ten un peso no conxunto de España superior ao 10%, doce son industriais, entre elas tres que superan o 25% (construción naval, serrado e cepillado de madeira e procesado e conservación de pescados, crustáceos).

Gráfico 5: Peso de Galicia por rama actividade no conxunto de España (unidades locais, 2014)




Fonte: Elaboración propia a partir datos do Directorio Central de Empresas DIRCE, INE.

Utilizando os rexistros de afiliación á Seguridade Social podemos analizar a evolución da industria galega nos últimos anos (gráfico 6 e 7). O gráfico 6 reflicte claramente que a industria española alcanza un máximo de ocupación en 2007 (cunha dinámica moito mais positiva en termos de emprego para a economía galega), para, a partir dese ano, reducirse continuamente o número de afiliados. Tomando como referencia 1999, a redución no emprego é maior en España que en Galicia, e só Pontevedra presenta un resultado semellante ao do conxunto español.


Galicia ten un peso na industria española superior á súa participación no emprego total e na poboación, o cal reflicte unha especialización relativa nestas actividades. Como mostra o gráfico 7, a importancia da industria galega no total nacional tense acrecentado desde 1999, tanto polo bo comportamento da industria galega ata 2007 como polo mal comportamento do conxunto da industria nacional (sobre todo nesta última fase expansiva da economía española). Durante os anos de forte expansión da economía, a industria española, ao contrario do que acontece en Galicia, e especialmente na provincia de Pontevedra, non consegue incrementar de xeito significativo o seu volume de emprego.

Gráfico 6: Evolución normalizada do emprego afiliado (ind. manufacturera, 1999-2015)




Fonte: Elaboración propia a partir datos Afiliados a Seguridade Social

Gráfico 7: Evolución do peso de Galicia no emprego industrial (1999-2015)



Por último, se analizamos o período 2007-2014 a conclusión difire da obtida para o conxunto do período analizado nos parágrafos anteriores. Durante esta fase recesiva, a perda de emprego industrial foi lixeiramente superior para a economía galega como queda patente no gráfico 8.

Gráfico 8: Tasa de variación do número de afiliados (2007-2014)



Fonte: Elaboración propia a partir datos Afiliados a Seguridade Social

Co obxectivo de confirmar a especialización industrial de Galicia e identificar onde e con que intensidade se concentra a actividade industrial, a partir dos datos ofrecidos pola Seguridade Social (afiliados en alta laboral) podemos calcular os coeficientes de localización de emprego industrial a escala rexional e provincial. Os coeficientes de localización (CL) son una medida do grado de similitude da distribución da actividade nunha área económica (rexión, provincia, concello, distrito) con respecto a distribución dun patrón de comparación normalmente do total da economía. Defínese da seguinte forma: $CL = \frac{\frac{E_{ij}}{E_j}}{\frac{E_i}{E}}$ onde, E_{ij} é o número de empregos na industria i , nun sistema de produción local j ; E_i é o número total de empregos na industria i ; E_j é o número de empregos nun sistema de produción local j e E é o número de empregos total no país.

Sobre os seus valores, un $CL < 0$ indica que o emprego local é menor do esperado para unha industria determinada. Polo tanto, que a industria non é capaz de satisfacer a demanda local e os empregos asociados considéranse non esenciais. Un valor del $CL=1$ suxire que o emprego local é exactamente suficiente para satisfacer a demanda local dun determinado ben o servizo. Para un $CL > 1$, o emprego local é maior do esperado e polo tanto, suponse

que é básico esperándose que os bens producidos polo sector se exporten a zoas non locais. En este caso, un $CL > 1$ indica a existencia de concentración da industria i no lugar j.⁵

Utilizando a información sobre afiliación de marzo de 2015, podemos concluír que Galicia no seu conxunto esta especializada na industria da alimentación, a industria da madeira e na fabricación de outros produtos minerais non metálicos ($CL > 100\%$ para estas ramas de actividade nas catro provincias), pero tamén en confección de prendas de vestir, fabricación de outro material de transporte, fabricación de mobles e reparación e instalación de maquinaria e equipo ($CL > 100\%$ en tres das catro provincias galegas).

Entre as dez agrupacións rama de actividade-provincia cun maior CL (táboa 1), están representados a maioría dos citados sectores, aínda que curiosamente non temos ningunha representación da industria da alimentación (todas as provincias estarían especializadas nesa actividade pero sen que esa especialización sexa moi sobresaínte). Por último, destacar pola súa relevancia individual o sector de fabricación de vehículos de motor na provincia de Pontevedra que acadan o terceiro valor máis elevado.⁶

Táboa 1: Coeficiente de localización (afiliados, marzo 2015)

PROVINCIA	TRAB. AFILIADOS	PESO TOTAL AFILIADOS PROVINCIA	COEFICIENTE LOCALIZACION	SECTOR
Ourense	1662	1,70%	600,27%	14 Confección de roupa de vestir
Coruña, A	5832	1,47%	519,41%	14 Confección de roupa de vestir
Pontevedra	11718	3,72%	428,04%	29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques
Ourense	1876	1,92%	361,02%	23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
Coruña, A	686	0,17%	337,69%	19 Coquerías e refinación de petróleo
Lugo	1152	1,01%	302,77%	16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría
Coruña, A	3811	0,96%	289,73%	16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría
Ourense	884	0,91%	272,54%	16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría
Coruña, A	3119	0,79%	268,26%	30 Fabricación doutro material de transporte
Ourense	682	0,70%	257,90%	11 Fabricación de bebidas
Pontevedra	2292	0,73%	247,47%	30 Fabricación doutro material de transporte

Fonte: Elaboración propia a partir datos Afiliados a Seguridade Social

⁵Son varios os problemas asociados ao uso de CL. Entre eles que non toma en conta o tamaño absoluto da industria local, o criterio ad hoc do punto de corte e que en moitos casos a información pode ser pouco adecuada. Por exemplo, en moitas estatísticas a clasificación sectorial da actividade pode non coincidir coa actividade principal da empresa, e moito mais cando a declaración a fan os propios traballadores (como de feito ocorre na Enquisa de Poboación Activa).

⁶ Como xa mencionamos, este indicador non ten en conta o tamaño absoluto da industria local, por iso o maior coeficiente de especialización obtense para a confección de pezas de vestir en Ourense con pouco mais de 1.900 traballadores, por riba da Confección de roupa de vestir en A Coruña ou a Fabricación de vehículos de motor en Pontevedra que mais que triplican o volume de emprego da rama en Ourense.

Segundo o peso do sector no total nacional, as ramas mais relevantes da industria galega serían as indicadas na Táboa 2. Case o 20% da afiliación na rama de confección de prendas de vestir traballa en Galicia. A continuación en orde decrecente se sitúan a industria da madeira e da cortiza, outras industrias extractivas e a rama de fabricación de outro material de transporte, cerrando as ramas cun peso próximo ao 10% nacional, a fabricación de vehículos de motor.

Táboa 2: Peso no total industrial das ramas de actividade galegas (marzo 2015)

RAMA DE ACTIVIDADE	AFILIADOS	PESO-ESPAÑA
14 Confección de roupa de vestir	9302	19,48%
16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	7743	13,84%
08 Outras industrias extractivas	2036	13,37%
30 Fabricación doutro material de transporte	5946	12,02%
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	13332	9,12%
10 Industria da alimentación	27229	8,21%
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	6147	8,13%
19 Coquerías e refinación de petróleo	695	8,04%
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	6622	7,39%

Fonte: Elaboración propia a partir datos Afiliados a Seguridade Social

Para confirmar estes resultados calculamos a continuación os coeficientes de localización utilizando a información dispoñible no Directorio Central de Empresas (DIRCE) a 1 de xaneiro de 2014, última información publicada (agosto 2014). Como no caso dos datos de afiliación da Tesourería da Seguridade Social, esta base de datos permite desagregacións sectoriais e xeográficas que a fan apta para as análises de distribución da actividade económica no territorio. Non obstante, neste caso temos unha limitación que pode ser importante, sobre todo en ramas de actividade onde o tamaño das unidades locais (ou empresas) sexa moi heteroxéneo, xa que todas as unidades locais de produción teñen o mesmo valor á hora de contabilizar o coeficiente de localización por unidades locais (é dicir, non temos en conta o seu tamaño). Os coeficientes de localización obtidos confirman os resultados derivados dos datos de afiliación. Na industria da alimentación, na industria da madeira e na fabricación doutros produtos minerais non metálicos os CL son maiores a 100% nas catro provincias. Tamén, nas ramas confección de pezas de vestir, fabricación doutro material de transporte, fabricación de mobles e reparación e instalación de maquinaria e equipo os CL son maiores a 100% en tres das catro provincias galegas. A única discrepancia relevante atópase na fabricación de bebidas, que en termos de unidades locais mostra un elevado coeficiente en tres das provincias e, como mostra a táboa 3, ten o maior valor dos obtidos na industria manufactureira (rama caracterizada por pequenas empresas con pouco persoal fixo que se manteña traballando todo o ano). Noutro extremo, a rama de fabricación de automóviles, moi relevante na análise cos datos de afiliación, perde relevancia cando temos en conta só unidades locais de produción.

Debemos ter en conta que o peso do conxunto da industria no total de unidades locais é moi reducido (5,67% para o conxunto da industria manufactureira en España, o 6,07%

en Galicia, e o 7,58% en Ourense que, segundo este indicador, sería a provincia con maior especialización industrial de Galicia).⁷

Táboa 3: Coeficiente de localización unidades locais de produción (ano 2014)

PROVINCIA	Número de Unidades Locais	PESO TOTAL unidades Locais PROVINCIA	COEFICIENTE LOCALIZACION	SECTOR
OURENSE	232	0,93%	543%	Fabricación de bebidas
PONTEVEDRA	94	0,13%	467%	Fabricación de outro material de transporte
OURENSE	218	0,87%	255%	Industria da madeira
OURENSE	202	0,81%	248%	Fabricación de outros produtos minerais non metálicos
A CORUÑA	517	0,57%	213%	Confección de prendas de vestir
LUGO	172	0,64%	187%	Industria da madeira
A CORUÑA	49	0,05%	196%	Fabricación de outro material de transporte
LUGO	374	1,40%	178%	Industria da alimentación

Fonte: Elaboración propia a partir datos do Directorio Central de Empresas DIRCE, INE.

Confirmada a complementariedade das dúas fontes estatísticas para a análise da especialización produtiva industrial, a continuación analízase con detalle a realidade de cada sector. A información sectorial estrutúrase en catro grandes apartados:

1) O **primeiro apartado** está dedicado a clarificar aspectos xerais e de delimitación sectorial. O obxectivo principal é cuantificar a participación da industria galega en España rama por rama. Para iso, a partir da información estatística para empresas e unidades locais subministrada polo **Directorio Central de Empresas** (DIRCE) do INE ofrécese información sobre o número de unidades locais por actividades a tres díxitos da CNAE-2009, a data 1 de xaneiro de 2014. A utilización dun sistema de información homoxéneo permite cuantificar o peso de Galicia en cada unha destas actividades.

Para complementar a delimitación e cuantificación da relevancia de cada rama de actividade emprégase a **Estatística de Afiliación de Traballadores á Seguridade Social**, onde se recolle a información relativa aos traballadores afiliados aos distintos réximes do Sistema da Seguridade Social en situación de alta laboral e situacións asimiladas á alta. A información referente a traballadores procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos réximes da Seguridade Social e ao Instituto Social da Mariña. A afiliación ao Sistema da Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. Por último, cómpre recordar que o número de afiliados non se corresponde necesariamente co número de traballadores, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar.⁸

⁷ Se utilizamos como indicador da especialización industrial, o peso do emprego industrial no total de afiliados, con información de marzo de 2015, Ourense segue estando caracterizada como unha provincia especializada na industria (13,8% do emprego contra o 10,9% no conxunto de España) aínda que a escala galega é superada pola provincia de Pontevedra (15,7%). Unha vez máis non consideramos os valores absolutos (número total de unidades industriais) senón o peso relativo do sector no total, facilita que áreas con pouca actividade global e cun reducido peso no total de afiliación aforesen como altamente especializadas en canto algunha actividade como é o caso da confección en Ourense acada unha certa dimensión.

⁸ Os datos non inclúen os traballadores en situación de desemprego, con convenios especiais, pertencentes a empresas acollidas a plans de reconversión e que reciben axudas en concepto de xubilación anticipada e situacións especiais sen efecto en cotizacións. Tampouco inclúe algúns colectivos, os máis importantes dos cales son os funcionarios acollidos a diversas mutualidades (MUFACE, MUJEU, ISFAS). Por suposto, non todos os traballadores afiliados en alta están efectivamente traballando no sector indicado e tampouco podemos coñecer a súa xornada laboral, pero as posibilidades de utilizar información case en tempo real e a desagregación xeográfica (municipio) e sectorialmente (mesmo a catro díxitos da CNAE) permite obter información até

2) No **segundo apartado** preséntase información cuantitativa de distribución xeográfica (escala municipal) da actividade da rama. Onde se localiza a actividade industrial dentro do territorio galego? Que actividade destaca en cada área municipal? O estudo da distribución da industria e a análise do seu grao de especialización nos distintos ámbitos territoriais achega unha información de especial relevancia dentro da panorámica industrial e proporciona un cadro descritivo de interese, non só para os investigadores, senón tamén para todos aqueles que toman decisións nos ámbitos político, social e económico.

O enfoque espacial é sempre unha cuestión a ter en conta cando se analiza un determinado fenómeno económico. Neste apartado proporciónase unha visión xeral de cal é a distribución territorial da industria, tanto no ámbito galego como a nivel municipal e ofrécense algúns datos sobre o grao de especialización de cada territorio.

No rexistro de afiliacións a Seguridade Social incorpórase información sobre o sexo, a idade, o domicilio de residencia do traballador, a conta de cotización da empresa, o seu domicilio e a súa rama de actividade, o tipo de contrato e o coeficiente de traballo a tempo parcial, definido respecto á xornada semanal habitual, ademais do identificador do traballador (unha combinación alfanumérica a partir do DNI). Este rexistro constitúe a base da estatística que mensualmente publica o Servizo Público de Emprego Estatal sobre o número de afiliados, que en realidade se refire ao número de afiliacións, xa que non se depuran as repeticións de afiliacións. Polo tanto, coa información da afiliación representamos a distribución do emprego para cada unha das ramas de actividade, diferenciando o emprego afiliado por concello onde se atopa o centro de traballo (conta de cotización) e por residencia do traballador afiliado.⁹ A comparación entre as dúas distribucións do emprego permite intuír cales son os movementos diarios por motivos laborais por sector e os efectos distributivos no territorio das diferentes actividades.

3) No **terceiro apartado** preséntase información cuantitativa de carácter **estrutural**. Os datos cuantitativos preséntanse de maneira que é posible ver a situación relativa dun sector en comparación co total da industria. Partindo das táboas simétricas do *Marco Input-Output 2005* do Instituto Galego de Estatística (producción interior e importacións a prezos básicos) preséntanse algúns indicadores básicos como produción, valor engadido bruto, emprego equivalente, remuneración de asalariados, importacións e exportacións, ademais de ratios relevantes como:

- **Produtividade por ocupado:** VAB/Emprego equivalente.
- **Custo Laboral Unitario:** Remuneración por asalariado/ Produtividade
- **Índice de vantaxe comparativa revelada:** defínese como o saldo comercial de cada industria e escalado pola suma total de importacións e exportacións na industria e ámbito xeográfico considerado. Para industrias con vantaxe comparativa

niveis non factibles para outras fontes de información, convertendo así a esta base de datos en imprescindible para a análise sectorial-territorial da actividade económica.

⁹ Dende 2014, o IGE clasifica as afiliacións segundo o municipio de residencia do afiliado, non pola dirección que figura na base de datos da Seguridade Social, senón que cruza os ficheiros de afiliacións co Padrón municipal continuo do INE.

(revelada), o índice toma valores próximos a 100; para industrias sen vantaxe comparativa, valores próximos a -100.

- **Propensión Exportadora:** total exportacións da industria i , escalado polo valor de produción interior.
- **Propensión Importadora:** total consumos intermedios importados pola rama e escalado polo valor de produción interior.

A industria química con 2.686 afiliados multiplica por case tres o volume de emprego da industria farmacéutica (902 afiliados). Ambas ramas de actividade teñen un baixo peso no conxunto de España, especialmente a industria farmacéutica (2%).


Táboa 18: Número de establecementos na industria química e farmacéutica

CODIGOS CNAE 2009	ESTABLECEMENTOS 2014	PESO INDUSTRIA	PESO ESPAÑA
20 Industria química	190	1,45%	4,1%
201 Fabricación de produtos químicos básicos, compostos nitroxenados, fertilizantes, plásticos e caucho sintético en formas primarias	60	0,46%	4,0%
202 Fabricación de pesticidas e outros produtos agroquímicos	3	0,02%	2,4%
203 Fabricación de pinturas, vernices e revestimentos similares; tintas de imprenta e masillas	19	0,14%	3,2%
204 Fabricación de xabóns, deterxentes e outros artigos de limpeza e abrillantamento; fabricación de perfumes e cosméticos	44	0,34%	3,2%
205 Fabricación doutros produtos químicos	62	0,47%	6,0%
206 Fabricación de fibras artificiais e sintéticas	2	0,02%	4,2%
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	18	0,14%	3,0%
211 Fabricación de produtos farmacéuticos de base	1	0,01%	0,6%
212 Fabricación de especialidades farmacéuticas	17	0,13%	3,8%


Fonte: Elaboración propia a partir DIRCE (INE)

Distribución Espacial: respecto á súa distribución territorial, os mapas 46 e 47 para a industria química e 48 e 49 para industria farmacéutica amosan como se distribúe o número de afiliados por concello de cotización e residencia respectivamente. Destacar a especialización da área Vigo-Porriño neste tipo de actividades, como podemos apreciar nos mapas.


Mapa 46: Distribución afiliados industria química (concello cotización)




Mapa 47: Distribución afiliados industria química (concello residencia)



Mapa 48: Distribución afiliados produtos farmacéuticos (concello cotización)



Mapa 49: Distribución afiliados produtos farmacéuticos (concello residencia)



INDICADORES ESTRUCTURAIS INDUSTRIA QUÍMICA E FARMACEUTICA

	RAMA	PESO INDUSTRIA		RAMA	PESO INDUSTRIA
Producción	1.209.943	3,68%	Export RDM	48.514	1,69%
VEB	270.625	3,25%	Import RDM	222.097	3,58%
Emprego Equivalente	3.377	1,84%	Saldo RDM	-173.583	
Emprego Equivalente Asalariado	3.326	1,90%	Índice Vantaxe Comparativa	-64%	
Remuneración Asalariados	121.359	2,76%	Export UE	239.148	3,39%
			Import UE	702.123	9,03%
Produtividade Ocupado	80,14	176,31%	Saldo UE	-462.975	
Remuneración por Asalariado	36,49	145,11%	Índice Vantaxe Comparativa	-49%	
Custe Laboral Unitario	46%		Export R España	431.700	4,07%
			Import Respaña	1.021.388	8,78%
			Saldo Respaña	-589.688	
			Índice Vantaxe Comparativa	-41%	
			Propensión Exportadora	59,45%	95,28%
			Propensión Importadora	47,84%	118,21%

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

INTERSECTORIALIDADE INDUSTRIA QUÍMICA E FARMACEUTICA

	INDUSTRIA QUÍMICA FARMACEUTICA	PROMEDIO INDUSTRIA	PROMEDIO GALICIA
Sensibilidade de Dispersión-T	5,56	2,7100	2,3200
Sensibilidade de Dispersión-DOM	1,61	1,3400	1,4700
Efecto Arrastre-T	3,01	2,7800	2,3200
Efecto Arrastre-DOM	1,41	1,4900	1,4700
M. Emprego Directo	0,0028	0,0034	0,0134
M. Emprego Total	0,0066	0,0145	0,0197

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

2.1.16.- Artes gráficas e reprodución de soportes gravados

Delimitación: a rama de Artes gráficas e reprodución de soportes gravados contaba en marzo de 2015 con 3.024 afiliados que supoñen o 4,41% da rama no conxunto de España e o 2,5% do emprego industrial galego.


Táboa 19: Número de establecementos nas artes gráficas e reprodución de soportes gravados

CODIGOS CNAE 2009	ESTABLECEMENTOS 2014	PESO INDUSTRIA	PESO ESPAÑA
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	798	6,08%	5,1%
181 Artes gráficas e servizos relacionados coas mesmas	752	5,73%	5,3%
182 Reprodución de soportes gravados	46	0,35%	3,2%


Fonte: Elaboración propia a partir DIRCE (INE)

Distribución Espacial: respecto á súa distribución territorial, os mapas 50 e 51 mostran como se distribúe o número de afiliados por concello. Trátase dunha actividade concentrada nos concellos urbanos (os dez concellos principais por emprego suman máis do 65% do emprego afiliado da rama).

Mapa 50: Distribución afiliados artes gráficas e reprodución de soportes gravados (concello cotización)



Mapa 51: Distribución afiliados artes gráficas e reprodución de soportes gravados (concello residencia)



INDICADORES ESTRUCTURAIS ARTES GRÁFICAS E REPRODUCCIÓN DE SOPORTES GRAVADOS

	RAMA	PESO INDUSTRIA		RAMA	PESO INDUSTRIA
Produción	358.736	1,09%	Export RDM	1.760	0,06%
VEB	173.812	2,09%	Import RDM	1.008	0,02%
Emprego Equivalente	4.954	2,71%	Saldo RDM	752	
Emprego Equivalente Asalariado	4.623	2,64%	Índice Vantaxe Comparativa	-27%	
Remuneración Asalariados	124.567	2,83%	Export UE	2.810	0,04%
			Import UE	4.904	0,06%
Produtividade Ocupado	35,09	77,19%	Saldo UE	-2.094	
Remuneración por Asalariado	26,95	107,16%	Índice Vantaxe Comparativa	-27%	
Custe Laboral Unitario	77%		Export R España	17.464	0,16%
			Import Respaña	420.788	3,62%
			Saldo Respaña	-403.324	
			Índice Vantaxe Comparativa	-92%	
			Propensión Exportadora	6,14%	9,84%
			Propensión Importadora	24,08%	59,50%

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

INTERSECTORIALIDADE ARTES GRÁFICAS E REPRODUCCIÓN DE SOPORTES GRAVADOS

	ARTES GRÁFICAS E RE- PRODUCCION DE SOPORTES GRAVADOS	PROMEDIO INDUSTRIA	PROMEDIO GALICIA
Sensibilidade de Dispersión-T	2,65	2,7100	2,3200
Sensibilidade de Dispersión-DOM	1,50	1,3400	1,4700
Efecto Arrastre-T	2,21	2,7800	2,3200
Efecto Arrastre-DOM	1,39	1,4900	1,4700
M. Empleo Directo	0,0138	0,0034	0,0134
M.Empleo Total	0,0182	0,0145	0,0197

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

2.1.17.- Coquerías e refinación de petróleo

Delimitación:

Con case 700 afiliados concentrados no concello da Coruña (refinería de Repsol) esta rama de actividade é unha das de maior especialización industrial. O peso de Galicia no conxunto nacional supera o 8%, e supera o 9% por número de establecementos.


Táboa 20: Número de establecementos coquerías e refinación de petróleo

CODIGOS CNAE 2009	ESTABLECEMENTOS 2014	PESO INDUSTRIA	PESO ESPAÑA
19 Coquerías e refinación de petróleo	5	0,04%	9,1%
191 Coquerías	1	0,01%	16,7%
192 Refinación de petróleo	4	0,03%	8,2%


Fonte: Elaboración propia a partir DIRCE (INE)

Distribución Espacial: respecto á súa distribución territorial, os mapas 52 e 53 mostran como se distribúe o número de afiliados por concello. Trátase dunha actividade concentrada no concello de A Coruña dende o punto de vista da produción (mapa 52). Fora deste concello, so constan dez afiliados, dos cales seis están en Toen, na provincia de Ourense. O mapa 53 permite distinguir a area de influencia do mercado laboral da capital coruñesa. Os datos mostran como so o 30% dos empregados no establecemento de A Coruña residen no mesmo concello.

Mapa 52: Distribución afiliados coquerías e refinación de petróleo (concello cotización)



Mapa 53: Distribución afiliados coquerías e refinación de petróleo (concello residencia)



INDICADORES ESTRUCTURAIS COQUERÍAS E REFINACIÓN DE PETRÓLEO

	RAMA	PESO INDUSTRIA		RAMA	PESO INDUSTRIA
Produción	1.948.712	5,92%	Export RDM	266.194	9,29%
VEB	276.916	3,33%	Import RDM	187.495	3,02%
Emprego Equivalente	586	0,32%	Saldo RDM	78.699	
Emprego Equivalente Asalariado	586	0,33%	Índice Vantaxe Comparativa	17%	
Remuneración Asalariados	46.831	1,06%	Export UE	210.492	2,99%
			Import UE	244.640	3,15%
Produtividade Ocupado	472,55	1039,66%	Saldo UE	-34.148	
Remuneración por Asalariado	79,92	317,83%	Índice Vantaxe Comparativa	-8%	
Custe Laboral Unitario	17%		Export R España	693.903	6,53%
			Import Respaña	715.365	6,15%
			Saldo Respaña	-21.462	
			Índice Vantaxe Comparativa	-2%	
			Propensión Exportadora	60,07%	96,26%
			Propensión Importadora	79,37%	196,14%

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

INTERSECTORIALIDADE COQUERÍAS E REFINACIÓN DE PETRÓLEO

	COQUERIAS E REFINO PETROLEO	PROMEDIO INDUSTRIA	PROMEDIO GALICIA
Sensibilidade de Dispersión-T	4,73	2,7100	2,3200
Sensibilidade de Dispersión-DOM	1,77	1,3400	1,4700
Efecto Arrastre-T	2,52	2,7800	2,3200
Efecto Arrastre-DOM	1,08	1,4900	1,4700
M. Empleo Directo	0,0003	0,0034	0,0134
M.Empleo Total	0,0011	0,0145	0,0197

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

2.1.18.- Fabricación produtos de caucho e plásticos

Delimitación:

Esta rama contaba en marzo de 2015 con 2.968 afiliados que supoñen o 3,38% da rama no conxunto de España e o 2,46% do emprego industrial galego.


Táboa 21: Número de establecementos fabricación caucho e plásticos

CODIGOS CNAE 2009	ESTABLECEMENTOS 2014	PESO INDUSTRIA	PESO ESPAÑA
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	199	1,52%	3,5%
221 Fabricación de produtos de caucho	37	0,28%	4,4%
222 Fabricación de produtos de plástico	162	1,23%	3,4%


Fonte: Elaboración propia a partir DIRCE (INE)

Distribución Espacial: respecto á súa distribución territorial, os mapas 54 e 55 mostran como se distribúe o número de afiliados por concello. Trátase dunha actividade concentrada na area Vigo-Porriño.

Mapa 54: Distribución afiliados fabricación caucho e plásticos (concello cotización)



Mapa 55: Distribución afiliados fabricación caucho e plásticos (concello residencia)



INDICADORES ESTRUCTURAIS FABRICACIÓN DE PRODUTOS DE CAUCHO E PLÁSTICOS

	RAMA	PESO INDUSTRIA		RAMA	PESO INDUSTRIA
Produción	693.791	2,11%	Export RDM	19.200	0,67%
VEB	170.931	2,05%	Import RDM	23.162	0,37%
Emprego Equivalente	4.427	2,42%	Saldo RDM	-3.962	
Emprego Equivalente Asalariado	4.423	2,53%	Índice Vantaxe Comparativa	-9%	
Remuneración Asalariados	117.728	2,67%	Export UE	106.697	1,51%
			Import UE	116.823	1,50%
Produtividade Ocupado	38,61	84,95%	Saldo UE	-10.126	
Remuneración por Asalariado	26,62	105,86%	Índice Vantaxe Comparativa	-5%	
Custe Laboral Unitario	69%		Export R España	244.573	2,30%
			Import R España	498.942	4,29%
			Saldo R España	-254.369	
			Índice Vantaxe Comparativa	-34%	
			Propensión Exportadora	53,40%	85,57%
			Propensión Importadora	44,61%	110,25%

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

INTERSECTORIALIDADE FABRICACIÓN DE PRODUTOS DE CAUCHO E PLÁSTICOS

	FABRICACIÓN CAUCHO E PLÁSTI- COS	PROMEDIO INDUSTRIA	PROMEDIO GALICIA
Sensibilidade de Dispersión-T	3,33	2,7100	2,3200
Sensibilidade de Dispersión-DOM	1,33	1,3400	1,4700
Efecto Arrastre-T	2,99	2,7800	2,3200
Efecto Arrastre-DOM	1,41	1,4900	1,4700
M. Empleo Directo	0,0064	0,0034	0,0134
M.Empleo Total	0,0102	0,0145	0,0197

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

2.1.19.- Fabricación produtos informáticos, electrónicos e ópticos

Delimitación:

Con so 695 afiliados e cun peso no conxunto de España do 2,24% trátase dunha actividade cunha baixa relevancia na industria galega (peso do 0,58% en termos de emprego).


Táboa 22: Número de establecementos fabricación produtos informáticos, electrónicos e ópticos

CODIGOS CNAE 2009	ESTABLECEMENTOS 2014	PESO INDUS- TRIA	PESO ESPAÑA
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	112	0,85%	3,7%
261 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados	9	0,07%	1,5%
262 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos	38	0,29%	4,2%
263 Fabricación de equipos de telecomunicacións	16	0,12%	7,0%
264 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	3	0,02%	2,9%
265 Fabricación de instrumentos e aparatos de medida, verificación e navegación; fabricación de reloxos	40	0,30%	4,6%
266 Fabricación de equipos de radiación, electromédicos e electrote-rapéuticos	6	0,05%	2,7%
267 Fabricación de instrumentos de óptica e equipo fotográfico	0	0,00%	0,0%
268 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0	0,00%	0,0%


Fonte: Elaboración propia a partir DIRCE (INE)

Distribución Espacial: respecto á súa distribución territorial, os mapas 56 e 57 mostran como se distribúe o número de afiliados por concello. Trátase dunha actividade concentrada nos grandes concellos e no concello das Pontes (empresas auxiliares).

Mapa 56: Distribución afiliados fabricación prod. infor., electrónicos e ópticos (concello cotización)



Mapa 57: Distribución afiliados fabricación prod. informáticos, elect.e ópticos (concello residencia)



INDICADORES ESTRUCTURAIS FABRICACIÓN PRODUTOS INFORMÁTICOS, ELECTRÓNICOS E ÓPTICOS

	FABRICACION PRODUTOS INFORMÁTICOS	PESO INDUSTRIA	FABRICACIÓN MATERIAL ELECTRÓNICO	PESO INDUSTRIA
Producción	6.503	0,02%	153.737	0,47%
VEB	1.118	0,01%	42.491	0,51%
Emprego Equivalente	92	0,05%	965	0,53%
Emprego Equivalente Asalariado	62	0,04%	965	0,55%
Remuneración Asalariados	986	0,02%	31.166	0,73%
Productividade Ocupado	12,15	26,74%	44,03	96,87%
Remuneración por Asalariado	15,90	63,25%	33,33	132,56%
Custe Laboral Unitario	131%		76%	
Export RDM	737	0,67%	13.427	0,47%
Import RDM	91.913	0,37%	214.391	3,46%
Saldo RDM	-91.176		-200.964	
Índice Vantaxe Comparativa	-98%		-88%	
Export UE	1.255	1,51%	49.326	0,70%
Import UE	169.369	1,50%	312.736	2,75%
Saldo UE	-168.114		-164.410	
Índice Vantaxe Comparativa	-99%		-62%	
Export REspaña	231	2,30%	64.554	0,61%
Import Respaña	98.028	4,29%	8.033	0,07%
Saldo Respaña	-97.797		56.521	
Índice Vantaxe Comparativa	-100%		78%	
Propensión Exportadora	34,18%	85,57%	82,81%	132,70%
Propensión Importadora	59,73%	110,25%	50,22%	124,10%

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

INTERSECTORIALIDADE FABRICACIÓN PRODUTOS INFORMÁTICOS, ELECTRÓNICOS E ÓPTICOS

	FABRICACIÓN PRODUTOS INFORMÁTICOS	FABRICACIÓN MATERIAL ELETRÓNICO	PROMEDIO INDUSTRIA	PROMEDIO GALICIA
Sensibilidade de Dispersión-T	1,69	2,06	2,7100	2,3200
Sensibilidade de Dispersión-DOM	1,00	1,05	1,3400	1,4700
Efecto Arrastre-T	3,39	2,94	2,7800	2,3200
Efecto Arrastre-DOM	1,33	1,31	1,4900	1,4700
M. Empleo Directo	0,0141	0,0063	0,0034	0,0134
M.Empleo Total	0,0175	0,0096	0,0145	0,0197

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

2.1.20.- Fabricación de material, equipamento eléctrico, maquinaria e equipamento n.c.o.p

Delimitación:

As ramas de actividade de Fabricación de material, equipo eléctrico e maquinaria e equipamento (CNAE 27 e 28) suman con data de marzo de 2015 algo máis de 5.000 afiliados. A actividade cun maior peso no conxunto de España e a Fabricación de maquinaria agraria e forestal.

Táboa 23: Número de establecementos fabricación de material, equipamento eléctrico, maquinaria e equipamento n.c.o.p

CODIGOS CNAE 2009	ESTABLECEMENTOS 2014	PESO IN- DUSTRIA	PESO ESPAÑA
27 Fabricación de material e equipo eléctrico	85	0,65%	3,2%
271 Fabricación de motores, xeneradores e transformadores eléctricos, e de aparatos de distribución e control eléctrico	39	0,30%	3,3%
272 Fabricación de pilas e acumuladores eléctricos	1	0,01%	4,2%
273 Fabricación de cables e dispositivos de canleado	6	0,05%	2,6%
274 Fabricación de lámpadas e aparatos eléctricos de iluminación	25	0,19%	4,3%
275 Fabricación de aparatos domésticos	7	0,05%	2,1%
279 Fabricación doutra material e equipo eléctrico	7	0,05%	2,3%
28 Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p.	279	2,13%	4,2%
281 Fabricación de maquinaria de uso xeral	28	0,21%	4,0%
282 Fabricación de outra maquinaria de uso xeral	92	0,70%	3,9%
283 Fabricación de maquinaria agraria e forestal	43	0,33%	4,9%
284 Fabricación de máquinas ferramenta para traballar o metal e outras máquinas ferramenta	17	0,13%	3,5%
289 Fabricación doutra maquinaria para usos específicos	99	0,75%	4,3%


Fonte: Elaboración propia a partir DIRCE (INE)

Distribución Espacial:


No caso do material e equipo eléctrico (CNAE 27), polo reducido numero de empresas e volume de emprego (850 afiliados) a súa concentración é inevitable (mapas 59 e 60). En tres concellos traballa o 60% dos afiliados da rama.

A Fabricación de maquinaria e equipo (mapas 61 e 62) parece mostrar unha menor concentración. Non obstante, nos dez principais concellos traballan o 85% dos afiliados da rama de actividade. E especialmente relevante a concentración de afiliados no concello de A Coruña.


Mapa 58: Distribución afiliados fabricación de material e equipamento eléctrico (concello cotización)




Mapa 59: Distribución afiliados fabricación de material e equipamento eléctrico (concello residencia)



Mapa 60: Distribución afiliados fabricación de maquinaria e equipamento n.c.o.p (concello cotización)



Mapa 61: Distribución afiliados fabricación de maquinaria e equipamento n.c.o.p (concello residencia)



INDICADORES ESTRUCTURAIS FABRICACIÓN MAQUINARIA E EQUIPO MECÁNICO, FABRICACIÓN DE MAQUINARIA E MATERIAL ELÉCTRICO, FABRICACIÓN DE EQUIPO MEDICO E APARATOS DE PRECISIÓN, ÓPTICA E RELOXERÍA

	FABRICACIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPO MECÁNICO	PESO INDUSTRIA	FABRICACIÓN DE MAQUINARIA E MATERIAL ELÉCTRICO	PESO INDUSTRIA	FABRICACIÓN DE EQUIPO MÉDICO E APARATOS DE PRECISIÓN, ÓPTICA E RELOXERÍA	PESO INDUSTRIA
Producción	709.604	2,16%	633.243	1,92%	43.823	0,13%
VEB	234.310	2,82%	151.603	1,82%	21.729	0,26%
Emprego Equivalente	7.780	4,25%	2.589	1,41%	824	0,45%
Emprego Equivalente Asalariado	7.409	4,23%	2.583	1,47%	764	0,44%
Remuneración Asalariados	208.180	4,73%	75.499	1,71%	15.566	0,35%
Productividade Ocupado	30,12	66,26%	58,56	128,83%	26,37	58,02%
Remuneración por asalariado	28,10		29,23		20,37	
Custe Laboral Unitario	93%	111,75%	50%	116,25%	77%	81,03%
Export RDM	52.279	1,82%	148.130	5,17%	1.601	0,06%
Import RDM	222.408	3,59%	101.462	1,64%	132.549	2,14%
Saldo RDM	-170.129		46.668		-130.948	
Índice Vantaxe Comparativa	-62%		19%		-98%	
Export UE	115.430	1,64%	103.202	1,46%	6.896	0,10%
Import UE	737.435	9,49%	283.024	3,64%	189.577	2,44%
Saldo UE	-622.005		-179.822		-182.681	
Índice Vantaxe Comparativa	-73%		-47%		-93%	
Export REspaña	84.238	0,79%	149.767	1,41%	10.504	0,10%
Import REspaña	726.035	6,24%	346.264	2,98%	128.945	1,11%
Saldo REspaña	-641.797		-196.497		-118.441	
Índice Vantaxe Comparativa	-79%		-40%		-85%	
Propensión Exportadora	35,51%	56,90%	63,34%	101,51%	43,36%	69,48%
Propensión Importadora	40,65%	100,46%	47,51%	117,41%	33,34%	82,40%

Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)


INTERSECTORIALIDADE FABRICACIÓN MAQUINARIA E EQUIPO MECÁNICO, FABRICACIÓN DE MAQUINARIA E MATERIAL ELÉCTRICO, FABRICACIÓN DE EQUIPO MEDICO E APARATOS DE PRECISIÓN, ÓPTICA E RELOXERÍA

	FABRICACIÓN DE MAQUINARIA E EQUIPO MECÁNICO	FABRICACIÓN DE MAQUINARIA E MATERIAL ELÉCTRICO	FABRICACIÓN DE EQUIPO MÉDICO E APARATOS DE PRECISIÓN, ÓPTICA E RELOXERÍA	PROMEDIO INDUSTRIA	PROMEDIO GALICIA
Sensibilidade de Dispersión-T	4,27	2,19	1,25	2,7100	2,3200
Sensibilidade de Dispersión-DOM	1,43	1,11	1,02	1,3400	1,4700
Efecto Arrastre-T	2,76	3,11	2,34	2,7800	2,3200
Efecto Arrastre-DOM	1,39	1,43	1,24	1,4900	1,4700
M. Emprego Directo	0,0110	0,0041	0,0188	0,0034	0,0134
M. Emprego Total	0,0149	0,0075	0,0213	0,0145	0,0197


Fonte: Elaboración propia a partir TIOGA 2005 (IGE)

Finalizamos esta sección resumindo nun último mapa a información sectorial analizada. O obxectivo é mostrar a distribución xeográfica do emprego industrial o que permite delimitar os distritos industriais ou aquelas áreas onde a concentración do emprego industrial é significativamente relevante tanto polo número agregado de empregos (mais de 500) cun grado de participación no emprego agregado superior o 20%. No mapa 62, so se inclúe o emprego industrial manufactureiro, mentres que no mapa 63 tempos en conta os empregos afiliados tanto na industria como nas ramas de servizos as empresas

Mapa 62: Distribución e concentración do emprego industrial



Mapa 63: Distribución e concentración do emprego industrial



Nos gráficos 10 e 11 comparamos o grado de concentración territorial da actividade industrial por ramas, tanto dende o punto de vista do centro de cotización como de residencia dos traballadores, utilizando como unidade de referencia o concello. A partir dos resultados obtidos para o índice de **Herfindahl**¹¹ podemos, como conclusións xerais, afirmar o seguinte:

1.- O grado de concentración territorial das actividades é moi heteroxéneo con ramas moi concentradas con valores do índice moi superiores a 0,10¹² (Fabricación de vehículos, Fabricación de produtos farmacéuticos, Fabricación doutro material de transporte) e outras onde a concentración é moi baixa (industria alimentación ou fabricación de mobles).

2.- A concentración por concello de residencia é moi inferior a concentración por concello de cotización o que confirma que os mercados laborais de referencia, incluso a escala sectorial, son máis amplos que os límites territoriais do concello.


¹¹ Este é un índice habitual para medir o grado de concentración dunha variable nun mercado. Pode adaptarse a súa aplicación a concentración da actividade industrial da seguinte forma. Sexa unha poboación formada por n unidades (concellos), onde s_i é a participación (cota) da unidade i dentro do total da variable cuxa concentración queremos analizar. Entón:

$$H = \sum_i^n s_i^2.$$

A maior concentración, maior valor de H . Si a concentración é máxima $H=1$, se a concentración é mínima $H=(1/n)$. O índice ten en conta toda a distribución, pero considera que todos os concellos son homoxéneos (non ten en conta diferenzas de superficie entre eles).


¹² No contexto competitivo entre empresas, o sistema legal de EE.UU. considera que índices de entre 0,10 e 0,15 puntos reflicten unha concentración de mercado moderada. Sobre 0,25 puntos se considera que o mercado é demasiado concentrado.

Gráfico 10: Concentración territorial do emprego afiliado por concello de cotización (2014)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliados á Seguridade Social

Gráfico 11: Concentración territorial do emprego afiliado por concello de residencia (2014)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliados á Seguridade Social

2.2. Os complexos produtivos da economía Galega

Os métodos de identificación de “complexos produtivos” constitúen unha metodoloxía axeitada para o estudo das interrelacións industriais. Estes métodos dividen o sistema económico en “complexos”, grupos de industrias interrelacionadas entre si, amosando as ligazóns existentes entre elas. Aínda que existe unha gran variedade de métodos, a maior parte deles están baseados no concepto de “cadea” (produtiva ou de valor), e asocian industrias a un mesmo complexo cando presentan fortes encadeamentos entre elas. Os procedementos para realizar esta tarefa son tamén variados. Nesta nota preséntanse os resultados obtidos utilizando o método coñecido como “diagonalización”, que consiste en reordenar axeitadamente as industrias, de xeito que a matriz *input-output* utilizada para a análise amose submatrices (bloques) ao longo da súa diagonal principal que non manteñen relación ningunha entre eles. Este procedemento reflicte de xeito gráfico a división que presentan as industrias dunha economía en complexos produtivos, identificando cada unha das submatrices anteriores como un complexo produtivo distinto. Aínda que na práctica as matrices dun marco *input-output* non adoitan ser diagonalizables directamente, é posible diagonalizar a súa estrutura anulando todos os elementos dunha matriz que non satisfagan determinadas restricións, por exemplo a de presentar unha mínima intensidade nos seus encadeamentos.

O método de diagonalización presenta unha serie de vantaxes e inconvenientes en relación con outros métodos dispoñibles para o mesmo propósito. A vantaxe principal, que xustifica a súa utilización neste caso, é a da “transparencia”: os seus resultados poden interpretarse directamente en termos das relacións interindustriais que reflicten, permitindo así unha interpretación económica inmediata dos resultados cuantitativos.

Na aplicación do método ao *Marco Input-Output de Galicia 2005* (MIOGAL-05), tomáronse como referencia as matrices simétricas de transaccións interiores e totais e máis as matrices de coeficientes técnicos e coeficientes de produto que poden obterse das primeiras. Xa que os resultados deste método non varían coa matriz utilizada, poden interpretarse máis sinxelamente en termos da matriz de transaccións, é dicir, como representación de relacións interindustriais de tipo provedor-cliente. Como restrición para identificar relacións cuantitativamente significativas, impúxose que cada relación intersectorial estivese representada por elementos que pertencesen ao 4% dos valores de maior magnitude en todas e cada unha das tres matrices utilizadas (o valor do 4%, puramente convencional, é o que proporcionou os mellores resultados e resulta similar ao utilizado na maior parte das aplicacións deste método dispoñibles na literatura).


Utilizando un sinxelo algoritmo proposto por Hoen (2002), reordenáronse as industrias ata converter as matrices simétricas de transaccións interiores en matrices diagonais por bloques. A aplicación deste procedemento sobre as matrices do MIOG-05 permitiu identificar ata sete complexos produtivos: agroalimentario, madeira e moble, enerxía, construción e servizos financeiros, automóbil, comercio por xunto, e servizos empresariais, ademais de amosar a existencia de fortes relacións bilaterais entre industrias, como as da pesca e acuicultura coa conserva, as da elaboración de bebidas cos servizos de comidas, ou as da publicidade coas actividades recreativas, culturais e deportivas de mercado.

Unha gran vantaxe do método utilizado consiste en que non só se obtén o listado de industrias que forman parte de cada complexo, senón que resulta sinxelo visualizar cal é a estrutura interna dos complexos en termos das relacións entre as diferentes industrias como provedores e clientes. No caso da economía galega no ano 2005, é posible observar diferentes tipoloxías de complexos entre os sete identificados.

Un criterio de diferenciación entre os distintos complexos que pode obterse comparando as relacións interindustriais presentes nas matrices totais fronte ás presentes nas matrices interiores, é o do carácter puramente interno ou vinculado ao exterior das cadeas produtivas identificadas. Como corresponde a unha economía rexional, a galega presenta un número relativamente reducido de cadeas exclusivamente internas. En concreto, tan só dúas: as correspondentes á enerxía e á construción/servizos financeiros.

2.2.1. Enerxía


No caso da enerxía, a cadea de produción está configurada polas industrias que abastecen internamente a industria da produción e distribución de enerxía, concretamente a industria de extracción de produtos enerxéticos e a industria de refino de petróleo:



2.2.2. Construcción/Finanzas

No caso de construción e servizos financeiros, o complexo reúne varias cadeas diferentes enlazadas entre si pola industria das actividades inmobiliarias. Esta industria é o cliente clave tanto da industria da construción como da industria da intermediación financeira, actuando ao mesmo tempo como provedor clave do comercio polo miúdo. Pola súa vez, a industria da construción é o remate dunha cadea de produción que inclúe industrias pertencentes a outros complexos, como é o caso de outro transporte terrestre (complexo do comercio) e produtos metálicos (complexo do automóbil), mentres que a actividade financeira se atopa no MIOG-05 repartida en tres industrias diferentes fortemente interconectadas (intermediarios financeiros, actividades auxiliares e seguros).


Construción/Finanzas



O resto das cadeas de produción identificadas a partir do MIOG-05 presentan conexións fóra das fronteiras da Comunidade autónoma. Nalgúns casos, como no do automóbil ou no dos servizos empresariais, a base da cadea de produción depende para o seu abastecemento de industrias localizadas fóra de Galicia.

2.2.3. Automóbil

Como pode observarse no gráfico, a fabricación de vehículos de motor en Galicia actúa como cliente das industrias relacionadas cos metais e cos produtos metálicos. Estas dúas industrias están fortemente interconectadas entre si, pero, ademais, dependen da provisión de maquinaria e equipo mecánico procedente do exterior e, no caso particular da fabricación de produtos metálicos, da provisión de actividades de reciclaxe tamén desde fóra da rexión.



2.2.4. Servizos empresariais


De xeito similar, unha serie de servizos relacionados coas actividades empresariais (servizos xurídicos, contables e de consultaría, servizos de investigación, seguridade e limpeza, e outras actividades empresariais) dependen da actividade como provedores das industrias das telecomunicacións e da edición. Esta última, pola súa vez, ten como provedor clave a industria do papel localizada fóra de Galicia.



2.2.5. Agroalimentario

Noutros complexos a conexión co exterior prodúcese ao remate da cadea, non na súa base. Así, como pode observarse na gráfica, o complexo agroalimentario inclúe as industrias que abastecen interiormente a industria cárnica e a industria láctea, pero esta última ten tamén como provedor clave as industrias plásticas localizadas fóra de Galicia.

Agroalimentario



2.2.6. Comercio por xunto

Algo similar sucede no caso do complexo do comercio por xunto. Neste inclúense as actividades que abastecen a industria do comercio por xunto. Esta, a súa vez, é a provedora clave das actividades sanitarias e de servizos sociais de non mercado, que se abastece de produtos farmacéuticos no exterior.


Comercio por xunto



2.2.7. Madeira e moble

Para rematar, no complexo da madeira e moble a conexión exterior ten lugar tanto na base como no remate da cadea. A cadea produtiva da madeira ten na súa base as actividades forestais máis a industria química interior. Esta última abastécese fóra de Galicia de produtos do refino de petróleo. Por outra banda, a madeira utilízase interiormente na industria do moble, que, pola súa vez, se abastece de produtos metálicos tamén fóra das fronteiras da Comunidade autónoma.

Madeira e moble



3.- Infraestruturas de apoio á industria

Para que as empresas poidan desenvolver favorablemente as súas actividades manufactureiras, é necesario que o espazo físico no que se van desenvolver dispoña da infraestrutura básica que as organizacións demandan e que afectan non só ao solo industrial senón ás instalacións e recursos que en sentido amplo lles pode facilitar esa localización. Por tanto, a selección do lugar óptimo para situar plantas, oficinas e centros de actividade dunha empresa é unha decisión complexa na que inflúen múltiples factores como a proximidade ao mercado de consumo, a dispoñibilidade e custos das materias primas e da enerxía, os medios de comunicación, transporte e infraestruturas existentes, a dispoñibilidade e custo do terreo e locais, o desenvolvemento económico e social da zona, o marco xurídico fiscal e outros moitos factores intanxibles difíciles de avaliar, como o ambiente de negocios, a calidade ambiental, o clima laboral e social ou o interese e preferencias persoais do empresario.

A importancia destes factores varía segundo o tipo de actividade e de mercado. A localización no caso da industria manufactureira busca minimizar os custos de produción ou distribución e, ao mesmo tempo, optimizar o acceso aos mercados, para garantir a regularidade das subministracións, reducir os custos de almacenamento e aumentar o volume de negocio. Na actualidade, dado o desenvolvemento das comunicacións que facilitan o acceso a man de obra, aos consumidores e ás materias primas, factores tradicionais de localización como a existencia de recursos naturais deixaron de ser relevantes. Agora a dispoñibilidade e custo do terreo, a facilidade de acceso a materias primas e outras subministracións (diferentes fontes de enerxía), a dotación de infraestruturas de servizos (alumeado público, rede de saneamento, etc.), os servizos de transporte e comunicacións, a dotación industrial (a existencia de economías de aglomeración e urbanas definidas pola proximidade a servizos técnicos, innovación ou centros de decisión), xunto coa dispoñibilidade de man de obra (cantidade, cualificación, custo e conflictividade laboral) son os factores máis decisivos para a localización industrial.

A continuación mostramos mediante un conxunto amplo de mapas a situación actual das diferentes infraestruturas de apoio á actividade industrial mencionadas.

Comezamos pola dispoñibilidade de solo (mapas 60-63). A importancia do solo industrial e empresarial como factor localizador da actividade industrial, unido á notable complexidade de crear áreas convenientemente planificadas e organizadas, contribúe a aumentar a especial importancia e relevancia que suscita a organización do solo industrial baixo as fórmulas de polígonos industriais, parques empresariais ou tecnolóxicos, ou en definitiva calquera forma de agrupación de empresas nunha mesma área.

A continuación amosamos as principais vías de comunicación e transporte (mapas 64-69). O conxunto de redes e infraestruturas do transporte, así como os servizos que sobre elas se desenvolven, constitúen elementos esenciais para a articulación física do territorio, ao que achegan interconexión e accesibilidade, cuns niveis adecuados de calidade e seguridade. Ademais, son esenciais para o desenvolvemento das actividades económicas, establecendo unhas determinadas condicións de competitividade en cada territorio. O sistema viario, é fundamental para o desenvolvemento da actividade económica, xa que aproximadamente o 70% do transporte de mercadorías realízase a través de estra-

das. Tamén incluimos información sobre a accesibilidade dos distintos concellos a esas infraestruturas medido en tempo medio necesario para chegar a unha vía de alta capacidade ou ao aeroporto máis próximo. Os mapas 70-75 amosan as principais subministracións e infraestruturas básicas. As infraestruturas enerxéticas son esenciais para o desenvolvemento económico e o benestar social. Transforman, transportan e distribúen un ben prezado base sobre a que se sostén a actividade diaria. Como no caso anterior ademais de amosar a rede completa incluimos mapas para caracterizar os concellos en función da accesibilidade do mesmo a esa rede (medida neste caso pola extensión da rede, no concello). Tamén inclúese mapas indicando a localización das estacións de depuración augas residuais e o sistema de recollida de residuos. Por último, este grupo de mapas péchase con información sobre os servizos complementarios á dotación industrial (mapas 76 e 77).

3.1. Disponibilidade de solo industrial

Debido á multiplicidade de organismos promotores e xestores tanto públicos coma privados, non existe unha fonte única que permita facer un mapa de áreas industriais de Galicia. Non obstante, a mestura de diversas orixes de datos proporciona a posibilidade de construír dito mapa. O catastro urbano e rural, o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, as sociedades de promoción e xestión urbanística das deputacións, os concellos e os promotores privados son as fontes de datos máis relevantes para este traballo.¹³ As diferenzas en calidade, detalle e variedade dos datos, ás veces contraditorios, obrigan a facer un coidadoso traballo de combinación. Non hai que esquecer, ademais, que datos como a ocupación son variables no tempo, o que aumenta a complexidade. Dentro do posible tentouse conservar a división e estrutura da información do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, facendo as modificacións que se consideraron axeitadas para unha maior precisión e calidade dos resultados.

A continuación resumimos a información agregada a escala provincial dos datos sobre as diferentes tipoloxías de solo industrial representada nos mapas. Na táboa 1 incluimos as áreas en funcionamento actualmente, na táboa 2 as que están en execución e na táboa 3 a suma das dúas anteriores máis a superficie en funcionamento nas áreas industriais “non oficiais”.

Táboa 24: Superficie e áreas industriais en funcionamento

	AREAS	SUP-TOTAL	SUP-NETA	SUP-DISP	SUP-DISP/SUP NETA
A CORUÑA	77	26.807.404	17.444.619	2.374.138	13,6%
LUGO	52	8.512.764	5.091.413	1.108.629	21,7%
OURENSE	35	9.753.834	6.295.743	359.345	5,7%
PONTEVEDRA	60	15.182.923	9.071.113	1.306.118	14,4%
GALICIA	224	26.807.404	17.444.619	2.374.138	13,6%

Fonte: Elaboración propia (OTEGA)

¹³ No anexo inclúese as fontes e información primaria e secundaria utilizadas.

Táboa 25: Superficie e áreas industriais en execución

	AREAS	SUP-TOTAL	SUP-NETA	SUP-DISP	SUP-DISP/SUP NETA
A CORUÑA	9	5.709.713	3.278.682	2.628.796	80,1%
LUGO	10	2.271.856	1.460.035	1.319.720	90,3%
OURENSE	2	85.665	56.729	40.666	71,6%
PONTEVEDRA	10	4.919.953	2.785.330	2.706.575	97,1%
GALICIA	31	12.987.187	7.580.776	6.695.757	88,8%


Fonte: Elaboración propia (OTEGA)

Táboa 26: Superficie e áreas industriais en funcionamento e execución


	AREAS	SUP-TOTAL	SUP-NETA	SUP-DISP	SUP-DISP/SUP NETA
A CORUÑA	86	32.517.117	20.723.301	5.002.934	24,1%
LUGO	62	10.784.620	6.551.449	2.428.349	37,1%
OURENSE	37	9.839.499	6.352.472	400.011	6,3%
PONTEVEDRA	70	20.102.876	11.856.443	4.012.693	33,8%
GALICIA	86	32.517.117	20.723.301	5.002.934	26,0%

Fonte: Elaboración propia (OTEGA)


Mapa 64: Superficie das áreas industriais en funcionamento




Mapa 65: Superficie dispoñible das áreas industriais en funcionamento



Mapa 66: Superficie das áreas industriais en execución




Mapa 67: Superficie das áreas industriais en tramitación




3.2. Infraestruturas de transporte

Mapa 68: Estradas principais




Mapa 69: Tempo medio acceso dende áreas industriais a unha vía rápida




Mapa 70: Liñas ferroviarias




Mapa 71: Distancia en tempo estación ADIF máis próxima




Mapa 72: Portos e Aeroportos




Mapa 73: Tempo desprazamento ao aeroporto máis próximo



Mapa 74: Tempo de acceso das áreas industriais o porto de interés xeral máis próximo




Mapa 75: Tempo de acceso das áreas industriais o aeroporto máis próximo




3.3. Subministros e servizos básicos


Mapa 76: Liñas Eléctricas



Mapa 77: Extensión da rede de alta tensión




Mapa 78: Gaseoductos



3.4. Servizos complementarios

Mapa 79: Centros FP-2



Anexos

Ramas de actividade CNAE_2009 (dous díxitos)

- 05 Extracción de antracita; hulla e lignito
- 06 Extracción de crú de petróleo e gas natural
- 07 Extracción de minerais metálicos
- 08 Outras industrias extractivas
- 09 Actividades de apoio ás industrias extractivas
- 10 Industria da alimentación
- 11 Fabricación de bebidas
- 12 Industria do tabaco
- 13 Industria téxtil
- 14 Confección de prendas de vestir
- 15 Industria do coiro e do calzado
- 16 Industria da madeira e do corcho; excepto mobles; cestería e espartería
- 17 Industria do papel
- 18 Artes gráficas e reprodución de soportes grabados
- 19 Coquerías e refino de petróleo
- 20 Industria química
- 21 Fabricación de produtos farmacéuticos
- 22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos
- 23 Fabricación de outros produtos minerais non metálicos
- 24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro; aceiro e ferroaleacións
- 25 Fabricación de produtos metálicos; excepto maquinaria e equipo
- 26 Fabricación de produtos informáticos; electrónicos e ópticos
- 27 Fabricación de material e equipo eléctrico
- 28 Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p.
- 29 Fabricación de vehículos de motor; remolques e semirremolques
- 30 Fabricación de outro material de transporte
- 31 Fabricación de mobles
- 32 Outras industrias manufactureiras
- 33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo
- 35 Suministro de enerxía eléctrica; gas; vapor e aire acondicionado
- 36 Captación; depuración e distribución de auga
- 37 Recollida e tratamento de augas residuais
- 38 Recollida; tratamento e eliminación de residuos; valorización
- 39 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos